

## **Socialismo e cuestión agraria en Galicia durante a dictadura de Primo de Rivera(\*)**

(\*) Este traballo beneficiouse do Proxecto de Investigación "A consolidación histórica da pequena explotación na Galicia contemporánea, código 2420 1-B96, da Dirección Xeral de Universidades e Investigación da Xunta de Galicia.

MIGUEL CABO VILLAVERDE  
Universidade de Santiago de Compostela

### **1. Acción socialista no agro galego ata 1923.**

A actuación dos socialistas galegos no agro galego ten sido obxecto da atención dos historiadores para os albores do agrarismo (Durán, 1977: 85-118) e para a II República (González, 1992). Este traballo centraráse no período menos coñecido, a Dictadura primoriverista, aínda que se farán algunas apreciacións sobre a etapa 1918-1923. Gracias ó primeiro dos autores citados, coñecemos da participación dos socialistas no agromar de sociedades no entorno de Pontevedra e Vigo nos anos do cambio de século, e do propio 1900 data a constitución da *Asociación de Obreros Agrícolas de la ciudad de Betanzos*, xerme do que será principal núcleo socialista agrario na provincia da Coruña e que conta con 208 socios en 1904. En Ourense as primeiras sociedades que se organizan, nos arredores da capital, son de matriz socialista, pero a reacción represora é inmediata, coa colaboración do bispo Carrascosa e o Círculo Católico (De Juana, 1986).

Sen embargo, durante o período que vai ata a finalización da I Guerra Mundial, os socialistas manteñen dentro do societarismo agrario un perfil baixo, tendo reducido protagonismo fronte a liberais, anarquistas e republicano-rexionalistas que pugnan por orienta-lo agrarismo entre 1907 e 1914, á parte do proxecto populista encabezado por Basilio Alvarez. O protagonismo socialista volve ser máis visible na convxuntura radicalizada da postguerra, no clima resultante da agudización dos antagonismos creado polas consecuencias indirectas do conflito, e a súa participación dentro da *Confederación Regional de Agricultores Gallegos* será moi destacada. A principal novidade deste período é que o abolicionismo en materia foral (supresión das rendas forais sen indemnización para o directo) se convirte na Galicia meridional (provincias de Pontevedra e Ourense e Partidos Xudiciais de Chantada e Monforte) en opción maio-

ritaria, ainda que o debate segue áinda aberto entre os especialistas no tema sobre en qué medida se trataba dunha reivindicación real ou dun recurso táctico para obter dos perceptores acordos de redención en condicións más favorables. No IV Congreso Provincial Agrario de Pontevedra (Ponteareas, xullo de 1919) os partidarios do abolicionismo, liderados polo activista agrario filosocialista de Poio Dionisio Quintillán, amosaron xa a súa forza, áinda que non deron imposto as súas teses<sup>1</sup>. Sen embargo, a Unión Agraria Provincial vai desaparecer en 1920 ante o empuxo dunha nova Federación Provincial Agraria promovida polo socialismo pontevedrés en abril de 1920. O camiño cara á Federación iniciase cun mitin na praza de touros de Pontevedra o 29 de febreiro de 1920 con representación da UGT e de diversas sociedades obreiras e agrarias (*Nueva Aurora* nº15, 7-III-1920). Na constitución da FPA están presentes unicamente 13 Sociedades agrarias do entorno capitalino, pero cando a mediados de 1921 celebre o seu primeiro Congreso serán xa 150 sociedades e 10 federacións locais con 20.000 asociados, e os partidarios do redencionismo (caso do republicano Amado Garra) quedan claramente en minoría<sup>2</sup>.

No mesmo 1920 fúndase a FPA de Ourense, que á altura do seu II Congreso Provincial (Ourense, febreiro de 1922), conta con 93 sociedades federadas que suman 8.569 afiliados<sup>3</sup>. Tamén neste caso a unidade de acción co movemento obreiro é proclamada e levada á práctica (manifestacións convxuntas o 1º de maio) malia as reticencias dos líderes obreiristas ourensáns con respecto a Basilio Alvarez, que se puxeran de manifesto por exemplo no I Congreso da Federación Obreira de Ourense (febrero de 1915), con 44 sociedades (delas varias agrarias) representadas, e onde *Acción Gallega* fora cualificada de organización antidemocrática, con líderes burgueses que non eran elixidos polas colectividades agrarias, e se recomendara ás SSAA non colaborar con ela<sup>4</sup>

En xullo de 1922, no Congreso Rexional Agrario de Tui nacía a *Confederación Regional de Agricultores Gallegos* (CRAG). O Congreso de Tui aspiraba a aglutinar á totalidade do movemento agrario galego pero en realidade o peso das distintas provincias evidenciaba unha clara falta de implantación na provincia da Coruña (con só cinco sociedades representadas), pero áinda así

<sup>1</sup> Hervés, 1993: 65. Estiveron representadas nel 176 sociedades con 16.372 asociados (*Boletín IRS* nº 182, agosto 1919). A Sociedade de Agricultores *La Redención* de Poio, liderada por Dionisio Quintillán, contaba co apoio, como tantas outras agrarias, dunha Sociedade en Bos Aires (*Hijos del Ayuntamiento de Poyo*) que se propuña dende a súa fundación en 1916 a loita contra o caciquismo "mediante la organización del campesino y su capacitación social por medio de una cultura sana y con miras al colectivismo socialista"; X.M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques...*, 141. En Poio editábase mensualmente, coa axuda financeira da devandita Sociedade, *O Castrove*, aparecido en 1922 e caracterizado pola defensa do abolicionismo e os ataques ós monxes locais.

<sup>2</sup> E. Hervés, 1993: 65, e *La Libertad* 21-IV-1921, que aporta unhas cifras máis modestas: 32 sociedades federadas (5.296 socios) e 54 non federadas (9.692). No Congreso decidiuse que a Federación mantivese unha orientación política independente pero de esquerdas.

<sup>3</sup> Federación Provincial Agraria, *Actas de las sesiones del II Congreso provincial agrario celebrado los días 19 y 20 de febrero de 1922*. Nel elíxese un Comité Ejecutivo encabezado por Basilio Alvarez como presidente, Doroteo Gómez como secretario e Heriberto Pérez como vicepresidente.

<sup>4</sup> *Boletín del Instituto de Reformas Sociales* nº129, marzo de 1915.

estiveron presentes 133 sociedades con 58.000 afiliados, as FPA de Pontevedra e Ourense, as Federacións Municipais de Marín, Porriño, Ponteareas, Tui e Lavadores, e as de Partido de Chantada e Monforte, ademais da presencia oficial do PSOE. Presidiu o Congreso Basilio Alvarez e foi designado vicepresidente D. Quintillán. No Congreso tamén se chamou ó impago dos consumos onde se repartisen de xeito irregular e se proclamou a súa futura sustitución por un imposto único, aprobouse unha declaración de solidaridade co movemento obreiro ("agricultores y obreros somos hermanos, por ser todos yéctimas de este régimen burgués y por lo tanto debe de existir una estrecha solidaridad entre ambos"), esixiuse a fin da Guerra de Marrocos e a liberación dos presos políticos e sociais e declarouse órgano oficial da Confederación ó xornal ourensán de Basilio Alvarez *La Zarpa*, nado en xullo de 1921 e ó que estaban subscritas 117 sociedades agrarias.

A CRAG non consegue organizar ata 1922 a FPA da Coruña (co director de *El Noroeste* José García Acuña como presidente) e ata 1923 a de Lugo. A FPA de Lugo constituíuse nunha reunión no Centro Obreiro -de predominio uxoetista- da capital da provincia (que logo sería designado residencia oficial da Federación) en xaneiro de 1923. Nela estiveron representadas 59 sociedades con 11.850 asociados, máis as Federacións de Quiroga, Chantada, Meira e Fonsagrada. Para o Comité Executivo elixiuse a César López Otero (de Meira) como presidente e a Gumersindo López Figueroa como secretario (Chantada) e tamén se acordou a publicación dun semanario voceiro da Federación, *El Agro*<sup>5</sup>. As 13 sociedades do municipio de Chantada supoñen case 1/4 do total e aportan a súa experiencia (presencia no goberno municipal, Federación do Partido), e consecuentemente sonllles reservados varios puestos no Comité da FPA (Villares, 1982: 391).

En febreiro de 1923 a CRAG asegura contar coa adhesión de 419 sociedades, delas 126 coruñesas, 137 pontevedresas, 62 lucenses e 94 ourensás, que calculando unha media de 150 asociados suporían case 62.000 afiliados<sup>6</sup>. Estes datos concordan cos de Congresos anteriores e os únicos que causan sorpresa son os referidos á Coruña, que no Congreso fundacional da CRAG, menos dun ano antes, praticamente non estivera representada. A Federación de Ferrol-Pontedeume (que agrupa a once sociedades), a Federación Agrario-Rexionalista de Negreira e o núcleo socialista agrario de Betanzos estarán presentes na constitución da FPA<sup>7</sup>. Poucos meses antes da caída do comezo da Dictadura,

<sup>5</sup> LZ 31-I-1923 e AHPL, mazo 448-449. Os seus estatutos (presentados en outubro de 1922) establecían a sede da Federación en Chantada aínda que con carácter definitivo o faría na capital, e negaban o ingreso ós sindicatos católicos.

<sup>6</sup> LZ 13-II-1923. Compuñan nese momento o seu Comité Executivo Basilio Alvarez (presidente), Heriberto Pérez (secretario xeral) e como vocais Doroteo Gómez por Ourense, Dionisio Quintillán e Raimundo Vidal Pazos por Pontevedra, Gumersindo López Figueroa e César López Otero por Lugo e José García Acuña e Jesús Rodríguez Culebras por A Coruña.

<sup>7</sup> Na xuntanza de novembro de 1922 da que nace a FPA designase tamén un Comité Executivo composto por José García Acuña como presidente, Alfonso de Cal como vicepresidente, Manuel Gómez Pita como secretario e como vocais dous veteranos da ala rexionalista da *Solidaridad*: Jesús Culebras e Víctor Naveira Pato.

constitúese a *Federación Agraria del Partido Judicial de Betanzos*, con cinco sociedades (as de Betanzos, Tiobre, Paderne, Coirós e Fervenzas) que en total aportaban uns trescentos afiliados (Torres, 1992: 105).

A CRAG vai conformando un ideario de base nacionalista e esquerdistas sobre o que aspira a construír un Partido Agrario galego. Nas bases que o Comité da CRAG propón para o debate no seu II Congreso, previsto para setembro de 1923 en Lugo pero que non chegaría a ter lugar por mor do golpe de Primo de Rivera, adóptase como ideal do futuro partido a "emancipación económica y política del agricultor" e se declara que "Os principios que informan a este partido son los de la lucha de clases"<sup>8</sup>. Con todo, na órbita da CRAG maniobran tamén liberais (Portela Valladares), reformistas (Juan Amoedo), republicanos (Emiliano Iglesias, Ramón Salgado, Vicente García Temes), galeguistas (en especial a *Irmandade Nazonalista Galega* liderada por Vicente Risco)...

Cando se produce o pronunciamento de Primo, a reacción inicial dos socialistas galegos, o mesmo que a escala estatal, é manterse á expectativa sen se opoñer ós acontecementos e esperar a ver qué daban de si as proclamas de rexeneración de vida pública e de extirpación do caciquismo. Nun mitin na Casa do Pobo de Betanzos en outubro no que se declara a adhesión ó Directorio participan Villar Ponte, o líder agrario-socialista local Bernardo Miño, os principais líderes da FPA, o xornalista socialista Gómez Pita e Basilio Alvarez ("Seríamos unos insensatos si no nos pusiéramos resueltamente al lado de estos hombres que hacen hablar la *Gaceta* con los pedazos de nuestros discursos contra el caciquismo")<sup>9</sup>. Durante esta primeira fase de boas relacións coa Dictadura, outro destacado agrario filosocialista, Dionisio Quintillán, foi nomeado concelleal corporativo en Poio en xullo de 1924. A lúa de mel foi breve, como no caso dos nacionalistas galegos, seducidos pola retórica descentralizadora e anticaciquil, e dende logo moi afastada dos extremos colaboracionistas da meirande parte da CRAG, que retornou ás teses redencionistas en materia foral e entrou masivamente nas Corporacións municipais da man dos delegados gubernativos, e igualmente noutros postos de responsabilidade na Administración e logo na *Unión Patriótica*.

<sup>8</sup> Boletín IRS nº 239, VII-1923 e LZ 5-VII-1923. As restantes bases amosaban que a proximación ó movemento obreiro non era mera retórica: abolición da pena de morte, supresión do Exército e "armamento general del pueblo", sufraxio universal para ambos sexos, supresión do Senado e das Deputacións Provinciais, imposto único e progresivo... Tíñase previsto invitar en calidade de observadores á UGT, o PSOE, o PCE, a ING e representantes dos rabassaires cataláns e dos agrarios asturianos, e en calidade de técnicos a Rof Codina (malia a súa nada doada relación con Basilio Alvarez) e o coñecido republicano e catedrático de Veterinaria Félix Gordón Ordás (*Galicia* 20-IX-1923).

<sup>9</sup> *La Provincia* (Lugo) 24-X-1923, LZ 25-X-1923 e ANT 1-XI-1923. Gómez Pita, natural de Neda pero aveciñado en Betanzos, será o futuro secretario da abortada *Federación de Sociedades de Trabajadores de la Tierra de la Región de Galicia* de 1926.

## 2. O socialismo fronte á cuestión agraria durante a Dictadura: punto de partida e condicionantes ideolóxicos.

A desactivación da cuestión foral mediante o Decreto-Lei de 1926 e a desorientación do agrarismo galego durante a Dictadura van crear unha situación de baleiro que os socialistas galegos tentarán aproveitar para incrementar os seus apoios. A CRAG quedara desacreditada polo oportunismo e arribismo que amosaran os seus líderes ante as oportunidades de medre persoal que lles proporcionara a nova situación, o societarismo confesional esmorecía unha vez que xa non eran necesario como garante da estabilidade social e os cetenistas nesta época a penas tiñan seguimento entre o campesiñado e eran o albo preferente das accións represivas do Estado, polo que o momento semellaba axeitado para gañar apoios entre o campesiñado. Para isto, conviña desfacerse dalgúns lastres ideolóxicos que eran explotados pola propaganda hostil.

A teoría marxista considera ós campesiños parcelarios un grupo residual condeado inexorablemente á absorción por parte da gran explotación que aplica tódolos adiantos técnicos, ó igual que pasara cos seus equivalentes no mundo industrial<sup>10</sup>. A imposición de relacións de clase reducidas a unha burguesía agraria propietaria da terra e un proletariado agrícola sería o resultado inevitable da penetración das relacións de producción capitalistas no agro e do desenvolvemento pleno das forzas productivas. O obxectivo final do socialismo sería a colectivización da terra, como calquera outro medio de producción, e ó redor destas cuestións se desenvolveu o debate cos proudhonianos na Internacional.

Evidentemente estas premisas ideolóxicas non eran as más axeitadas para o éxito da propaganda entre o campesiñado, pero dado que o socialismo se baseou inicialmente en exclusiva entre o proletariado industrial, nas primeiras décadas as controversias se mantiveron na esfera teórica. A cuestión agraria revitalizouse no socialismo europeo na saída da crise finisecular cando o campesiñado parcelario deu claras mostras de non ter ningunha intención de extinguirse como lle profetizaban tanto a teoría marxista como a liberal. O debate desenvólvese en Rusia, entre populistas e marxistas, e no seo da Socialdemocracia alemana, e non se trataba dunha discusión académica senón dunha reflexión imposta polos condicionantes da acción política. En Alemaña o debate a efectos prácticos pechouse no Congreso de Breslau (1895) coa desautorización da liña reformista (David, o bávaro Vollmar) e a imposición da ortodoxa de Kautsky, inimiga de toda concesión á pequena propiedade porque suporía retrasa-lo inevitable e unha desnaturalización do corpus ideolóxico do partido. A controversia seguiu viva durante a década inicial do século (é cando entra nella Bernstein) pero a postura oficial do partido xa non se modificaría. Como consecuencia, a propaganda dos socialdemócratas nunca lles granxeou votacións significativas entre a poboación rural, nin sequera entre o proletariado agrícola, que era o máis asimilable á lectura ideolóxica predominante. Dentro da II Internacional a maioría dos partidos seguiu o mesmo rumbo que a SD alemana, a excepción do belga, o romanés, o suízo e o *Parti Ouvrier Français*, onde os reformistas se impuxeron sobre todo por razóns de conveniencia práctica. Foi a

<sup>10</sup> Sobre este tema Hussain e Tribe, 1983; Lehmann, 1970; Pérez Touriño, 1983; Gratton, 1972.

aprobación do programa agrario de vinte puntos presentado por Jules Guesde e Paul Lafargue, que apostaba polos xornaleiros pero tamén recollía reivindicacións dos pequenos propietarios e parceiros, o que orixinou a réplica de Engels no seu artigo en *Neue Zeit* "A cuestión agraria en Francia e Alemaña"<sup>11</sup>. O Partido Socialista Italiano foi o único de Europa cun carácter máis agrario que industrial, pero incluso aquí a figura guía era a do braceiro proletarizado nas grandes explotacións do Val do Po e o predicamento entre outras categorías (*mezzadri*, arrendatarios, pequenos propietarios) e na metade meridional do país foi moito menor.

En España tardouse en ter en conta a complexidade de relacións de clase na sociedade rural, e a UGT rexeitaba en 1904 a petición de ingreso da Sociedade de Agricultores e Gandeiros de Forcarei por "sólo defender los intereses de los propietarios que a ella pertenecen", e en xeral a cuestión agraria identificábase coa do latifundismo (Biglino, 1986). Aínda en 1918, na ponencia presentada por Verdes Montenegro (que por razóns do seu traballo como Catedrático residirá en Ourense durante bastantes anos) no XI Congreso Nacional do PSOE, establecécese que o socialismo

"no debe fomentar en los pequeños propietarios los sentimientos conservadores que en ellos cultivan los políticos burgueses; el Socialismo debe asegurarles que tiende a mejorarles en su condición como hombres, pero no como propietarios. El mismo sistema capitalista, con su régimen de competencia, acabará con las pequeñas propiedades"<sup>12</sup>.

No caso dos socialistas galegos, o contexto obriga a unha táctica que segundo as categorías ó uso cabería definir como reformismo práctico, forzado polas circunstancias para obter éxito nos labores propagandísticos e sen atormentarse polas implicacións teóricas que podería ter tal opción<sup>13</sup>. A figura do pequeno campesiño atribuíaselle unha coincidencia de intereses co proletariado urbano, a partir da constatación das súas míseras condicións de vida e da consideración da terra como un instrumento de traballo e non como unha forma de capital. Como no caso do resto dos socialistas europeos que deben actuar en

<sup>11</sup> "O desenvolvemento da forma capitalista de produción seccionou o nervio vital da pequena explotación na agricultura; a pequena explotación agrícola decae e marcha irremisiblemente cara á ruína", aludindo a continuación á competencia dos cereais transoceánicos. Como resultado, o pequeno campesiño (incluídos os arrendatarios) "é un futuro proletario [...], un vestixio dun modo de produción propio de tempos pretéritos". Se se cumplíran os puntos programáticos dos Congresos de Marsella e Nantes para gañarse ó pequeno campesiñado, convertindo ós arrendatarios en propietarios e liberando a estes das súas débedas, "non teríamos liberado ó campesiñado, non faríamnos outra cousa que concederlle un respiro na forca".

<sup>12</sup> ESO 27-XI-1918. Nunha das seguintes sesións a Agrupación Socialista da Coruña faría constar que, se ben no eido industrial a concentración era cada día maior, na agricultura sucedía todo o contrario, alineándose coas posicións de protección da pequena propiedade de Fabra Rivas.

<sup>13</sup> Esta opción pragmática non foi en cambio seguida polos uxetistas cataláns, que seguiron apostando únicamente polos xornaleiros e consecuentemente tiveron implantación só en zonas moi concretas, como o delta do Ebro. Nun momento de auxe a nivel estatal como era 1932, os efectivos uxetistas no agro catalán eran moi reducidos: once sindicatos con pouco máis de mil afiliados (Mayayo, 1995: 138).

rexións de predominio da pequena explotación, a fórmula do cooperativismo será considerada a máis axeitada para ir educando ós campesiños nas solucións colectivas e ó tempo para liberalo de tutelas indesexadas alimentadas pola dependencia económica (usura, donos de gando posto...).

Dende o agromar do societarismo agrario en Galicia a finais do século XIX e principios do XX, os socialistas están presentes nel e xa daquela podíanse distinguir as dúas aproximacións tácticas que se combinarán ata a guerra civil de acordo coas circunstancias de cada caso: a constitución de sociedades formalmente afiliadas á UGT, e a influencia indirecta noutras xa constituídas como era o caso da FPA pontevedresa ou a CRAG, tentando orienta-la súa actuación práctica. A primeira das posibilidades non sempre era posible e tiña varios inconvenientes, como atrae-la atención das autoridades e privarlle do apoio de socios potenciais que porían reparos a ingresar nunha organización antisistema, estigmatizada dende o púlpito e considerada extremista no político, no relixioso e no agrario (a colectivización da terra como obxectivo último). En momentos de tolerancia por parte das autoridades, como 1931, si que ingresarán na UGT sociedades que ata ese momento mantiveran unha liña de actuación esquerdista pero que non se recoñecen abertamente como socialistas.

As sociedades encadradas na UGT eran pouco numerosas. Ata a I Guerra Mundial só seis sociedades ingresan na UGT: as de Velle e Vilariño en Ourense fanno en 1900 pero desaparecen ó pouco tempo trala represión desatada polas autoridades; a Sociedade de Agricultores de Porto do Son ó redor de 1903 pero semella que foi efémera, e as sociedades pontevedresas de Ceredo (creada en 1902 e admitida na UGT en 1905), San Xulián (Marín, creada e admitida en 1908) e a de San Isidro de Montes (Campo Lameiro, fundada en 1903 e que ingresa en 1911 con trinta afiliados). Manexar estas cifras sen ter en conta a influencia indirecta dos socialistas en moitas sociedades e a existencia de outras "tapadas" (por exemplo a de Agricultores de Betanzos que nace co século) sería minusvalora-la forza real do agrarismo socialista.

En 1920, malia a axitación que vivía Galicia pola cuestión foral, a UGT contaba unicamente con dúas sociedades agrarias con 350 socios (unha e cen en 1922) na Coruña, unha sociedade con 100 socios en Lugo (o mesmo en 1922), dúas e 68 socios en Ourense (seis e 431 en 1922) e 5 e 360 en Pontevedra (sete e 576). En total, nunha convolución en principio favorable o incremento de sociedades fora modestísimo, de 10 con 878 socios en 1920 a 15 con 1.154 dous anos despois, apenas un 1,4% dos afiliados en todo o Estado, segundo os datos de P. Biglino, extraídos das Memorias de senlllos Congresos ordinarios da UGT.

Nestas cifras non están incluídas, descoñecemos a razón, unha serie de sociedades, trece en total, de Chantada e os concellos limítrofes de Pantón e Taboada. Na década dos dez os impagos foran en aumento e cando a finais da década xurden as sociedades agrarias, con neto carácter de resistencia, aproveitan e multiplican a efectividade desa práctica de resistencia tradicional decretando o impago xeral dos foros do principal rendista da bisbarra, Sánchez-Guardamino (Villares, 1982: 394). As sociedades chantadinas dótanse dun regulamento tipo no que aparte dos fins instructivos e técnicos habituais especifica-

can como un deles "Procurar hacer campañas en todos sentidos hasta conseguir la total desaparición de foros, rentas, señoríos, etc." e o mantemento de relacións estreitas coas organizacións obreiras. Tamén se plasma neles a celebración do 1º de maio, a obriga de votar no senso decidido en Xunta Xeral, a expulsión dos esquiros nas folgas e dos que non secunden os boicots e a pertenza á UGT (AHPL, mazos 446 e 447). A primeira destas sociedades, sempre de ámbito parroquial, é a de San Fiz de Asma, que aparece a finais de 1919, e nos meses posteriores vánsele engadindo outras. Catro delas recoñécense como seccións da de San Fiz de Asma, o que explica que ésta contase en xaneiro de 1921 con 350 socios nunha parroquia de apenas 600 habitantes. Un rasgo a destacar no agrarismo chantadino é o carácter de verdadeiros campesiños dos seus dirixentes, tanto a nivel local como de Federación, e a común experiencia migratoria<sup>14</sup>. O impago xeralizado e a celebración de mitins multitudinarios amosan a fortaleza da organización agraria, que consegue forza-la negociación con Sánchez-Guardamino e obter unhas condicións de redención moi asequibles, de xeito que para cando se decrete a Lei de Redención Forzosa en 1926 con Primo de Rivera (en termos menos favorables para o dominio útil que os obtidos en Chantada) o grosor das rendas xa foran redimidas con anterioridade. Cómpre salientar, por último, que coa súa conducta a Federación de Chantada incumpría as consignas da CRAG, que criticaban ás sociedades que perseguían a redención en vez do obxectivo maximalista da abolición dos foros. Sen embargo, nas fontes e prensa socialistas non se fai mención a este núcleo chantadino, o que fai pensar que a súa suposta afiliación uxitista non era máis que un recurso para meterlle o medo no corpo ós rendistas e obter unhas condicións favorables na redención de foros, como así foi.

Nas cercanías da Coruña (en O Burgo, Culleredo) organizaron os socialistas, con sociedades dos concellos próximos á capital, antigo feudo da *Unión Campesina*, un Congreso Provincial Agrario en 1919. Nel adiántase a idea do que serán os Xurados Mixtos da agricultura na II República, coa proposición de que as rendas dos arrendamentos se pagasen sempre en metálico e que fosen fixadas por técnicos e representantes dos propietarios e dos cultivadores<sup>15</sup>.

En Pontevedra e Ourense combinouse tamén a existencia de sociedades inscritas na UGT (Forcarei, Ceredo, Cooperativa Socialista Obrera Agraria de Poio...) coa influencia a través da presencia na CRAG. Sen embargo, o obreirismo galego nunca superou a desconfianza que lles inspiraba Basilio Alvarez, como proban as xa mencionadas descalificacións que se lle adican no I Congreso da Federación Obreira de Ourense de 1915, e novamente en 1922 semella que as relacións volven enfriarse a xulgar polas voces que en *El Socialista* lle

<sup>14</sup> Villares, 1982: 392. Outro dato, que nos fai ser cautelosos en canto á adscripción socialista destas sociedades, é que durante a II República vanse constituír en apoio da ORGA local.

<sup>15</sup> EIG 12-VIII-1919 e VG 12 e 16-VIII-1919. Nesa ocasión se redactou un regulamento para o que había ser unha Federación Provincial Agraria socialista, e segundo J.A. Durán (1977: 274) escolleuse para o voceiro da futura Federación o nome de *La Unión Campesina* como recoñecemento á antiga Federación Campesina, homenaxe que contrastarfa coa indiferencia pola experiencia da *Unión Campesina* dez anos antes nos medios anarquistas. No mitin de clausura falaron entre outros Saborit e Dionisio Quintillán.

definen en 1922 como "caudillo", maniobreiro electoral disposto a intercambiar distritos e proclive a se rodear de oportunistas e aspirantes a caciques.

### 3. O Congreso Agrario de Lugo.

O socialismo comprendeu axiña as posibilidades que se lle abrían na nova situación creada tralo golpe de Estado, cun agrarismo máis falto de orientación que nunca e o entreguismo e a falta de coordinación da CRAG. Xa en setembro de 1924 Largo Caballero lanza a idea dun Congreso das sociedades agrarias galegas baixo a éxida da UGT, contando co apoio da *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales* de Bos Aires, para crear así a *Federación Regional de Trabajadores de la Tierra de Galicia* á marxe dos "arribistas"<sup>16</sup>. Esta iniciativa debe enmarcarse no crecente interese do socialismo español pola cuestión agraria (incluída a do Norte) e no afianzamento das teses reformistas con respecto ó pequeno campesiñado: intento de captar á *Unió de Rabassaires*, redacción do regulamento da *Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra* no XV Congreso da UGT (1922) aínda que non puidese constituírse ata 1930, etc. No seo da CRAG os socialistas van tomando posicóns, e deste xeito na FPA de Ourense prodúcese unha pugna entre o sector vencellado a *La Zarpa* e Basilio Alvarez e o vencellado á UGT (Manuel Suárez, Herminio Docabo), e da Federación de Ponteareas escíndense en xaneiro de 1926 varias sociedades (entre elas a maioría das existentes no concello de Salvaterra) tras ser rexeitada a súa proposta de ingresar na UGT<sup>17</sup>.

A estratexia socialista para facerse co control do agrarismo galego nun momento de desconcerto (debalo da CRAG e do sindicalismo agrícola católico, retroceso da CNT pola represión gubernamental, desactivación do problema foral...) culmina en marzo de 1926 co Congreso Agrario de Lugo, ó que asisten Trifón Gómez, Saborit e Manuel Cordero, dirixente socialista nado en Castroverde e concelleiro na corporación madrileña (en 1922 sería electo a Cortes por esa mesma circunscripción)<sup>18</sup>. No Congreso van estar representadas ou ad-

<sup>16</sup> Galicia 23-IX-1924; neste período choven as críticas nos medios socialistas contra Basilio Alvarez, calificado de burgués e de malabarista da política. Cando finalmente se celebre en 1926 o Congreso Agrario socialista de Lugo agradecerase o apoio da FSGAyC. Isidro Román chama tamén a atención sobre as oportunidades que se lle abrían os socialistas galegos nas circunstancias creadas pola Dictadura; Román, 1996: 104

<sup>17</sup> Sobre o caso de Ponteareas, Hervés, 1991: 67. A escisión protagonizárona sete sociedades de Salvaterra e unha de Ponteareas (a de Cristiñade), aínda que esta última finalmente non se incorporou á UGT.

<sup>18</sup> A información sobre o Congreso aquí presentada procede da consulta de prensa, en especial de *El Socialista*. O proceso ata a súa celebración foi moi laborioso e houbo que aprazalo en varias ocasións. En febreiro de 1925 escribía Manuel Cordero: "Basilio Alvarez y Calvo Sotelo [...] ambicionan reemplazar a los antiguos caciques y se unen para no consentir que en el campo gallego no se pueda enarbolar más bandera agraria que la suya. ¿Lo conseguirán? Seguramente no; la Unión General de Trabajadores y el Partido Socialista lo impedirán, cuenta para esto con la voluntad de las ideas, una voluntad y una conciencia forjada en la lucha frente al viejo caciquismo, y además con el concurso de los emigrados en las republicanas Argentinas que hoy se sienten avergonzados de contribuir con su dinero a formar ídolos de alma quebradiza que postrarán rendidos a los pobres agrarios ante su enemigo. Por muchos que sean los inconvenientes camina-

heridas 36 sociedades agrarias e maila Federación Municipal de Mos (Cela, Petelos, Torroso e Tameiga), a parte dalgúns sindicatos obreiros (v. mapa). A participación no Congreso non quer dicir automaticamente que unha sociedade estivese sindicada na UGT ou fose facelo no futuro, nalgúns casos non se dá esa afiliación e debe interpretarse simplemente como unha identificación coa liña de actuación e a ideoloxía socialistas. Sorprendentemente, non participa da provincia de Ourense máis que a SSAA de Baños de Molga (que se adhire unha vez iniciado o Congreso), malia a influencia que tiñan os socialistas nos arredores da capital provincial, unha ausencia para a que non podemos dar polo momento unha explicación, nin tampouco existen estudios sobre o socialismo galego neste período que nola podan suxerir. Da provincia de Lugo están representadas dúas sociedades de A Pontenova, as de Navia de Suarna, Saa (Pobra de Brollón) e Lugo, a Sociedade Agropecuaria *La Victoria* de Ove (Ribadeo) e o Sindicato Agrícola do Eo (Meira), este último co antigo presidente da FPA César López Otero ó frente. Faltan pois as sociedades chantadinas, quizais porque o seu aliñamento coa central socialista non fora máis que unha estratexia para forzar ós rendistas a negociar e ese obxectivo xa o conseguiran antes de 1923. Da aportación coruñesa destaca o núcleo de Betanzos (representado por Miño Abelenda e Ramón Beade), e a sociedade *La Necesaria* de Fene, impulsora da Federación Ferrol-Pontedeume e que non ingresará na UGT ata 1931. De Pontevedra (17 sociedades) destacan as sete de Salvaterra recentemente escindidas da Federación Agraria de Ponteareas e a Federación Municipal de Mos, con 4 sociedades e representada por Waldo Gil. Están xa pois prefiguradas algunas das que serán principais áreas de implantación do socialismo agrario durante a II República, coa notable excepción ourensá.

Os debates do Congreso e as secuelas na prensa nos meses seguintes suponen a reflexión máis intensa sobre as particularidades do sistema de explotación da terra e da propaganda agraria que se dera no seo do socialismo galego ata o momento, ó redor dos seguintes puntos<sup>19</sup>:

- Protección da pequena propiedade, para a que se pide a exención tributaria, e asunción do cooperativismo en tódalas súas facetas.
- Para os arrendatarios, contratos de longa duración, recoñecemento das melloras e dereito de retracto en caso de venda da finca.
- En canto ós foros, o Congreso pronunciase pola súa "desaparición en un sentido socializante".

---

remos sin vacilación y llegaremos a crear una fuerza perfectamente orientada en nuestros principios que segura de si misma impulsará el movimiento agrario de Galicia, y acabará definitivamente con el caciquismo y sus herederos" ("Del Agro Gallego. Habrá Congreso", EPG 28-II-1925).

<sup>19</sup> Juan Jesús González, socialista santiagués que fundará a *Unión Socialista Gallega* en 1932, ten unha participación destacada, cunha serie de artigos en *El Socialista* ("Aspecto cívico del socialismo galego", a partir do 19-III-1926) nos que incide na crítica ó caciquismo e ós sindicatos católicos e na necesidade de que Galicia se dote dunha "conciencia propia" previa á resolución dos seus problemas. Así mesmo, no semanario compostelán *El País Gallego* varios dos futuros componentes da USG, defenderán ó longo de 1927 as vantaxes da cooperación aplicada ó agro galego.

- Extensión á agricultura dos seguros sociais (accidentes de traballo, subsidio de maternidade, retiro obreiro...).

- Recoñecemento ás Sociedades constituídas segundo a Lei de Asociacións de 1887 dos mesmos dereitos concedidos ós sindicatos Agrícolas pola Lei de 1906.

- Asunción (non explícita) do sustancial do programa das Asembleas Agrarias de Monforte: libre introducción dos *inputs* agrícolas, do millo e de todo tipo de pensos e forraxes (coherente coa posición tradicional do PSOE respecto á política arancelaria), e medidas de fomento técnico: vacinación gratuita e obligatoria do gando, ampliación da rede de comunicacións, repoboación forestal, potenciación do ensino agrícola...

O punto clave da aproximación socialista á cuestión agraria galega constituía a cooperación, que non só tiña uns efectos benéficos inmediatos, como a defensa contra os intermediarios e especuladores, senón que na concepción dos socialistas galegos debería servir para ir inculcando e reforzando nos campesiños galegos as ideas colectivistas. Por exemplo, nunha polémica de Manuel Cordero co diario coruñés *El Noroeste* temos unha mostra desta análise. *El Noroeste* afirmara que o socialismo xamais tería aceptación no agro galego polo predominio da pequena propiedade, e que o que dominaba en Galicia eran sindicatos adicados exclusivamente ó cooperativismo e os seguros do gando. Cordero dalle a volta ó argumento e asegura que esa extensión do cooperativismo xa constitúe un avance das ideas colectivistas porque se trata dun "socialismo en embrión"; e en segundo lugar que en Galicia si tiña futuro o socialismo porque os campesiños non eran donos da terra senón esclavos dela, e polos aires de renovación que chegaban dende América (ESO 26-II-1926).

Mentras para galeguistas e católicos o cooperativismo formaba parte dunha terceira vía alternativa entre capitalismo e socialismo, para os socialistas tratábase dunha etapa intermedia cara ó socialismo, unha noción que non tiña nada de orixinal e xa fora adoptada por moitos partidos socialistas europeos con anterioridade e desenvolvida por primeira vez por Eduard David cando a polémica sobre a cuestión agraria na Socialdemocracia alemana (Lehmann, 1970: 97). De aí que non sexa acertada a visión que as veces se transmite na que o societarismo católico sería o único que incidiría nas cuestións técnicas e cooperativas mentres o resto seadicaría a loitas reivindicativas e políticas. Tanto os textos como a acción práctica dos agrarios socialistas (e de outros non confesionais) proban a falta de base de tal xeralización. Os adversarios pola dereita do socialismo tentaban dar esa imaxe da súa actuación agraria, de feito que por exemplo na crónica que se fai do Congreso de Lugo no xornal católico *El Compostelano* se fai mención exclusivamente ás conclusións non relacionadas coa agricultura, como a esixencia da fin da guerra de Marrocos e do establecemento total das garantías constitucionais ou o saúdo ás Federacións Agrarias en América), pero esta distorsión non debe ser asumida acriticamente polos historiadores<sup>20</sup>.


<sup>20</sup> "La panacea del socialismo", 16-III-1926.

O Congreso de Lugo tivera tamén un obxectivo práctico inmediato: a constitución da *Federación de Sociedades de Trabajadores de la Tierra de la Región de Galicia*, da que se aproban os Estatutos. Neles ven incorporada á FNTT (que en realidade se atopaba paralizada e non se fundaría ata 1930) e proclámase como obxectivo final "la liberación integral del trabajo, poniendo en explotación y propiedad común la tierra". A sede da Federación establecíase na Casa do Pobo de Betanzos, e ademais concedíase ás Sociedades da localidade onde residise a Federación a prerrogativa de elexir ós compoñentes do Comité Rexional (art.28º), a excepción dos delegados provinciais, co que se poñían nas mans dos dirixentes betanceiros tódolos instrumentos posibles de control sobre a Federación. A celebración do Congreso vai seguida dunha campaña de mitins, aproveitando a presencia de figuras do sindicato e o partido, pero atopa numerosos atrancos por parte das autoridades, de maneira que son suspendidos os previstos en Betanzos e A Coruña. Do mesmo xeito, o Gobernador Civil da Coruña non vai tramita-lo regulamento da Federación, que presenta Ramón Beade como Presidente da Comisión Organizadora, argumentando como xustificación que "teniendo en cuenta que dicha entidad sería opuesta a las instrucciones que este Gobierno tiene recibidas de la Superioridad sobre Orden Público, no es posible en las presentes circunstancias permitir su constitución" (AHRG, maio 1861). Beade insistirá na súa petición en marzo de 1927 invocando os rumores sobre a extensión dos Comités Paritarios ó agro. Estes feitos obrigan a matizar para Galicia o *pacto de non agresión* entre PSOE e Dictadura, xa que semella ter finalizado bastante antes que no conxunto do Estado. Malia a non materialización dunha Federación Agraria Socialista a nivel galego, o intento constitúe unha proba do interese pola cuestión agraria, e o esforzo de reflexión realizado no Congreso de Lugo e nos meses posteriores ó mesmo traería os seus froitos na ampliación das posicións socialistas no agro galego durante o primeiro bienio republicano.

#### Abreviaturas.

- AHPL: Arquivo Histórico Provincial de Lugo.  
AHRG: Arquivo Histórico do Reino de Galicia.  
CRAG: Confederación Regional de Agricultores Gallegos.  
EC: El Compostelano.  
EIG: El Ideal Gallego.  
EPG: El Pueblo Gallego.  
ESO: El Socialista.  
FNTT: Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra.  
FPA: Federación Provincial Agraria.  
LZ: La Zarpa.  
UGT: Unión General de Trabajadores.  
VG: La Voz de Galicia.

SOCIEDADES REPRESENTADAS OU ADHERIDAS  
Ó CONGRESO AGRARIO SOCIALISTA EN 1926 EN LUGO



## BIBLIOGRAFÍA CITADA.

- P. Biglino (1986), *El socialismo español y la cuestión agraria (1890-1936)*, Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- J.A. Durán (1977), *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*, Madrid: Siglo XXI.
- M. González Probados (1992), "A acción agraria socialista na II República", en D. Pereira (coord.), *Os conquistadores modernos*, Vigo: A Nosa Terra, 173-194.
- P. Gratton (1972), *les paysans français contre l'agrarisme*, París: François Maspero.
- E. Hervés Saiar (1991), *Agrarismo e societarismo campesiño no val do Tea, 1900-1936*, Memoria de Licenciatura inédita, USC.
- E. Hervés Saiar (1993), "A propósito del conflicto antiforal en la Galicia del primer tercio del siglo XX. Asociacionismo agrario y resistencias campesinas", *Areas* nº 15.
- A. Hussain e K. Tribe (1983), *Marxism and the Agrarian Question*, Londres: MacMillan, 2ª edición.
- J. de Juana (1986), "Orixes do sindicalismo católico en Ourense: Fundación e organización do Círculo Católico de Obreros", en J. de Juana e X. Castro (eds.), *III Xornadas de Historia de Galicia: Sociedade e movemento obreiro en Galicia*, Deputación de Ourense, 257-320.
- H.G. Lehmann (1970), *Die Agrarfrage in der Theorie und Praxis der deutschen und internationalen Sozialdemokratie*, Tübingen: J.C. Mehr.
- A. Mayayo (1995), *De pagesos a ciutadans. Cent anys de sindicalisme i cooperativisme agraris a Catalunya, 1893-1914*, Catarroja-Barcelona: Editorial Afers.
- X.M. Nuñez Seixas (1997), *Emigrantes, caciques e indianos*, Vigo: Xerais.
- E. Pérez Touriño (1983), *Agricultura y capitalismo. Análisis de la pequeña propiedad campesina*, Madrid: MAPA.
- I. Román Lago (1997), *Estructura social e asociacionismo labrego. Un primeiro achegamento ó campesiñado a tempo parcial. Lavadores 1923-1931*, Memoria de licenciatura inédita, USC.
- X. Torres Regueiro (1992), "O movemento obreiro e agrario no Betanzos da II República", en D. Pereira (coord.), *Os conquistadores modernos*, Vigo: A Nosa Terra, 83-120.
- R. Villares Paz (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: Siglo XXI.